

A pasarela entre Oza e a praia de Santa Cristina destrozaría unha zona fermosa da baía da Coruña

**A Xunta desatende o interese xeral anunciando proxectos innecesarios e nocivos contra o medio ambiente**

Páxinas 12 e 13



Concello de  Oleiros

**O Concello pretende completar a renovación total de Santa Cristina coas rúas Linneo, Humboldt e As Américas**

Páxina 7

# Vivir en Oleiros

Número 72  
Maio 2022  
Toda a actualidade en:  
[www.oleiros.org](http://www.oleiros.org)

Estará dotado de gradas, vestiarios e unha ampla zona de aparcamento



**Ampliada a estrada que conecta Mera coa vía Ártabra**

Páxina 4

**Próxima contratación de beirarrúas no centro de Santa Cruz**

Páxina 6

## O Concello ultima a creación do novo campo municipal de Mera

■ Para continuar fomentando a práctica deportiva no municipio, especialmente entre os nenos e nenas, o Concello está a crear unha gran instalación pública para a práctica do fútbol. Trátase dun recinto que ocupa 16.000 metros cadrados e que estará preparado para o seu uso a partir deste verán.

Páxina 8

**Manu Taibo, subcampión do mundo de patinaxe sobre xeo**

Páxina 16

## Regresa a Romaría das Merendiñas o sábado 4 de xuño

A gran festa da convivencia e o encontro das persoas maiores do municipio volverá celebrarse no seu formato habitual nos xardíns das Torres de Santa Cruz. O Concello invita a participar a todos os veciños e veciñas maiores de 60 anos.

Páxina 15

Como saber  
*onde*  
está todo  
en  
**Oleiros**

**AXENDA**  
Páxina 23



## Alternativa dos Veciños

Desde **Alternativa dos Veciños** queremos convidarvos a participar na **Romaría** que organizamos o vindeiro **sábado 9 de xullo a partir das 12.00 h da mañá na Finca Tenreiro**, en Vilanova - Nós. A entrada é libre con mesas e cadeiras para xantar.

Podedes traer a comida da casa ou mercar alí polbo, churrasco, postres, viño, cervexa, refrescos... a prezos populares. Tamén teremos foliada, charanga "Os charangos", xogos populares e inchables para a rapazada...

Agardámosvos!

Para organizarnos mellor, fala co/a concelleiro/a da túa parroquia ou envía un correo a [info@alternativadosvecinos.org](mailto:info@alternativadosvecinos.org)

[www.alternativadosvecinos.org](http://www.alternativadosvecinos.org)  
[www.facebook.com/alternativadosvecinos](https://www.facebook.com/alternativadosvecinos)



## Partido Popular de Oleiros

### O alcalde silencia á oposición

O Alcalde de Oleiros bloquea o control pola oposición de todos seus actos ao deixar de convocar os Plenos Ordinarios.

As competencias do pleno máis relevantes as ten delegadas en outros órganos co

que a súa xestión escapa toda a supervisión. No que vai de ano o Alcalde de Oleiros deixou de convocar dous plenos ordinarios. O argumento que emprega o rexedor é que non hai contidos suficientes para a súa convocatoria.

O alcalde non da conta do que se fai nin quere que se lle pida e se a isto se lle engade o control férreo que ten sobre todos os medios de comunicación municipais aos que hai que sumarlle as súas intervencións financia-

das polas arcas do Concello nos medios de comunicación privados, a realidade que se transmite é única e exclusivamente a que o señor García Seoane quere que se coñeza.



## Grupo Municipal Socialista

### O grupo municipal socialista do PSdeG-PSOE non aportou a información do seu partido



## Bloque Nacionalista Galego Feijóo como exemplo de ineficacia

Recentemente dúas sentenzas do TSXG demostran a falta de criterio da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade na execución da Vía Ártabra. A mudanza respecto ao acordo alcanzado no verán de 2003 de todos os concellos e axentes sociais da comarca no seo do que se dera en chamar Foro de Mariñán, xunto coa falta de rigor na toma de decisións no Consello da Xunta, traen

este novo parón. A falta de diálogo entre administracións, improvisando a diario, produce espectáculos como o da pasarela entre as Xubias e Santa Cristina, un pseudoproxecto presentado con afán electoral sen nin tan sequera contar co acordo previo dos concellos da Coruña e Oleiros, directamente implicados. Fume con F maiúsculo de Feijóo neste ano xa de eleccións.



## Ciudadanos Solución de consenso ao paso de peóns do Couto, xa!

Desde o Grupo Municipal de Ciudadanos esiximos unha vez máis, tal e como manifestamos no último Pleno Municipal, unha solución consensuada entre o Concello de Oleiros e a Xunta de Galicia para atender a petición dos veciños do Couto. É inadmisíbel e incomprensíbel que

non se alcance un acordo entre ambas administracións que permitan regular o tráfico na zona afectada. Urxe un diálogo dunha vez por todas, onde o sentido común propicie a solución definitiva a un problema real que prexudica gravemente a cidadáns do noso Concello.

# EDITORIAL • Estamos a tempo

◆ O momento é agora. O tolleito modelo social e económico español, herdeiro de graves vicios de escuras etapas anteriores, dispón dunha oportunidade histórica para adaptarse ás necesidades e demandas da cidadanía. A chuvia de millóns de euros que acaba de comezar a caer cos fondos europeos Next Generation debe servir para, primeiramente, relanzar a economía e o emprego e, a continuación, propiciar unha profunda rexeneración a todos os niveis.

As directrices para empregar estes recursos son claras: sustentabilidade medioambiental, dixitalización, investigación e ciencia, fortalecemento da sanidade, novas infraestruturas para as comunicacións, formación, desenvolvemento do sector primario, paralización da despoboación do campo... O éxito ou fracaso do desenvolvemento deste programa marcará o devir das próximas décadas, polo que a xestión política debe ser extremadamente eficiente e poñerse ao servizo do ben común e non de espurios intereses privados. A clase dirixente, fortemente denigrada pola corrupción e a incompetencia, debe afrontar a distribución destes investimentos como unha reválida para amosar a súa utilidade e eficacia ante unha anoxada opinión pública, desterrando os que buscan acubillo no público para cometer actos delituosos.

Por desgraza, e xa sen saír do noso entorno máis próximo, as primeiras iniciativas que se deron a coñecer para nada cumpren cos obxectivos fixados nin co interese xeral da cidadanía. Baixo a bandeira do populismo e do dispendio, a Xunta de Galicia anunciou investimentos tales como 9 millóns para renovar marquesiñas; un aparcamento no linde entre Sada e Oleiros para deixar o coche e coller o bus –por alí non pasa ningunha liña de transporte- ou ir en bicicleta ata A Coruña –a 16 km sen carril bici nin vía adaptada-; ou o máis grave de todo, unha pasarela entre Oza e Santa Cristina que arrasaría coas últimas dunas que sobreviviron á feroz especulación inmobiliaria dos 60 e 70, que logrou deter o Goberno municipal de Oleiros coa chegada da democracia.

Ese dispendio de fondos públicos, ademais de incluír un grave atentado contra o medio ambiente, resulta intolerable ante as importantes tarefas pendentes que ten a Xunta en Oleiros: mellora das conducións de entrada para o abastecemento de auga; reinicio da vía Ártabra ata a AP-9, continuidade ata a A-6 e accesos ao porto de Lorbé; renovación de calzadas, creación de beirarrúas e pasos de peóns; ampliación da Casa do Mar de Mera para centro de saúde e dotación de máis

pediatras en todos os ambulatorios; reparacións dos portos de Santa Cruz e Mera; contratación de profesorado de apoio nos centros de ensino... Ademais, a nivel comarcal urxe achegar os estímulos económicos necesarios para iniciar un proceso de reindustrialización; corrixir o grave déficit de infraestruturas viarias que permita axilizar a mobilidade e crear un servizo de transporte público atractivo; dotar a sanidade de recursos e persoal; incentivar a investigación científica; promover o uso de enerxías limpas...

A creación dun paseo fluvial para peóns e ciclistas, desde Iñás ata O Seixal, afondaría de cheo na conservación do medio natural e na mellora da mobilidade. Co solo xa adquirido, cos proxectos e cos informes ambientais aprobados, non se explica que a Xunta non amose ningunha vontade por incorporar esta obra proposta polo Concello ao financiamento dos fondos europeos.

Polo momento, tampouco será posible que o Concello financie directamente esa obra cos fondos Next Generation. Os municipios cunha poboación entre 20.000 e 50.000 habitantes foron excluídos polo Goberno central no reparto destes cartos. Desde as alturas esquecen o forte investimento que realizamos os concellos en servizos públicos esenciais, asumindo tamén competencias do Estado e da Comunidade autónoma, que se desentenden do mantemento de centros escolares, da atención a persoas maiores e dependentes, da creación de beirarrúas en estradas da súa titularidade...

Tocará pois continuar esixindo desde abaixo un reparto xusto e rigoroso dos fondos europeos, para que non se perdan en obras faraónicas, nin en proxectos innecesarios, nin en petos indecentes. É posible combater a precariedade laboral, a perda de poder adquisitivo, os atascos, as lista de espera na sanidade, a desindustrialización ou cambio climático, sempre e cando, desde as institucións públicas se actúe con responsabilidade.

Vivimos nun país repleto de talento, con recursos, con persoas brillantes e moi formadas, con empresarios honrados e con capacidade demostrada de crear riqueza. Poñamos á súa disposición as ferramentas e os medios necesarios para afrontar o futuro con garantías de éxito. Abramos a porta da igualdade de oportunidades para que a nosa xuventude poida alcanzar unha vida digna. Construamos os camiños necesarios para avanzar cara a un futuro de prosperidade. Estamos a tempo.



# A mellora da Besta xa é unha realidade



◆ Con máis demora da prevista, están a rematar as obras de ampliación e mellora da estrada que conecta o centro de Mera coa vía Ártabra e o Concello de Sada ao longo de 2 km. Ademais do notable incremento da calzada, créase un arcén peonil, pasando dun ancho de 4,5 a 12 metros.

## Avanzan as obras da rotonda da Chasqueira ►

◆ Continúan en execución os traballos de creación dunha rotonda na confluencia das estradas Iñás-Pravio e San Pedro de Nós-Cecebre. A Deputación da Coruña realiza esta obra atendendo ás peticións realizadas polo Concello para eliminar este punto negro da circulación na comarca.



## En construción un novo aparcamento en Bastiagueiro ►

◆ Están a realizarse as obras dun novo aparcamento público nos terreos municipais existentes xunto á pista de patinaxe de velocidade, na marxe dereita da avenida Ernesto Che Guevara dirección Santa Cruz. Vaise ordenar toda a zona con novas árbores, creando 179 novas prazas de estacionamento, das que 10 quedarán reservadas para persoas con diversidade funcional. O investimento total é de 453.000 euros.



# A obra da vía Ártabra paralizada

■ *A Xunta cometeu graves erros administrativos na aprobación do proxecto*



◆ O Goberno de Cambre e o BNG da comarca opóñense á construción da vía Ártabra entre Iñás e a AP-9, o que impediría tamén a súa continuidade ata A-6 na Rocha. As numerosas trabas impostas polo Concello de Cambre débense ao interese persoal do concelleiro de urbanismo, que non quere que esta futura estrada pase polas proximidades da súa vivenda. O BNG, sen saberse moi ben o motivo, tamén se manifestou en contra desta obra.

A mediocridade e irresponsabilidade política duns e doutros fixo que unha obra pública de interese supramunicipal, imprescindible e urxente para mellorar os graves problemas de mobilidade en toda a comarca da Coruña, quede paralizada dous anos. Ante as denuncias presentadas polo Goberno de Cambre, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ditaminou que a obra non podía continuar ante os graves erros administrativos cometidos no proceso de tramitación do proxecto por parte dos

responsables do Goberno bipartito da Xunta de Galicia. A aprobación correspondíalle ao Consello da Xunta e non ao director xeral.

A sentenza obrigará á Xunta de Galicia a resolver os actuais contratos e volver iniciar de cero o proceso de aprobación do proxecto, expropiacións de terreos e contratación da obra. Serán aproximadamente dous anos máis de trámites para poder continuar facendo a vía Ártabra polo mesmo trazado, que xa contaba coa aprobación do Ministerio de Fomento.

A conexión da vía Ártabra coa AP-9 prevista na Gándara é, segundo os informes técnicos, a mellor opción posible para garantir a seguridade viaria. Na zona non existe ningunha área natural protexida. A zona húmida da que se fala é un regato totalmente abandonado, que presenta unha forte degradación pola existencia de construcións ilegais, verteduras contaminantes e residuos de todo tipo.

## ACCESO AO PORTO DE LORBÉ

A Consellería do Mar segue sen contratar as obras de finalización dos accesos ao porto de Lorbé, incluídos no proxecto da vía Ártabra. O Goberno municipal leva anos reclamando esta obra, que inclúe un aparcadoiro e un bombeo de augas residuais e que permitiría dispoñer dunha vía de entrada acorde ás necesidades actuais de mariñeiros e empresas, e que acabaría coas verteduras de augas residuais na zona portuaria.



## DOTACIÓN DE ILUMINACIÓN

Unha das eivas que presenta a vía Ártabra nos tramos xa existentes é a carencia de iluminación nas rotondas e nos diferentes nós de conexión existentes en Oleiros, Arillo e Mera. As normas de seguridade viaria obrigan á Consellería a dotar de iluminación a todos eses puntos. O Concello reclamou en diversas ocasións este asunto, sen que ata o momento se realizase por parte da Xunta.



# Próxima contratación de beirarrúas no centro de Santa Cruz

◆ O Goberno municipal sacará a licitación as obras de construción de beirarrúas no centro de Santa Cruz, nas rúas Ricardo Cubeiro e Daniel Castelao. Desta maneira preténdese consolidar a malla urbana desta localidade, dotándoa de maior seguridade para peóns e condutores.



■ Rúa Ricardo Cubeiro



■ Rúa Daniel Castelao



## Máis seguridade viaria para a avenida Che Guevara

◆ O Concello ten previsto facer ao longo deste ano a obra de continuidade de beirarrúas en Perillo, naqueles puntos nos que non existen, na marxe dereita dirección Santa Cruz, desde o restaurante El Mirador (antigo Orllinda) ata a rotonda do Che. Os técnicos municipais están a redactar o proxecto, que afectará a peches de fincas e ramplas de acceso.



## Segue a avanzar a reurbanización do centro de Mera

◆ Continúan avanzando as obras de creación dos novos tramos de beirarrúas no centro de Mera, nas rúas Doutor Fleming e Xabre. Tamén se está a renovar a rede de abastecemento de auga e a iluminación pública.

## A Xunta négase a crear un paso de peóns no Couto

◆ O pasado 6 de abril, o alcalde, Ángel García Seoane, remitiu unha carta á conselleira de infraestruturas, Ethel Vázquez, para reclamarlle que atendese as peticións dos veciños e veciñas de Dorneda e procedese ao pintado e sinalización dun paso de peóns na zona do Couto. Case un mes despois, a conselleira respondeu dicindo que a Xunta non ía crealo. Para reclamar a mellora da seguridade viaria no Couto e noutras estradas da Xunta de Galicia, o Concello iniciará unha campaña reivindicativa.

# Reacondicionamento total de Santa Cristina

■ *Proxecto de remodelación integral das rúas Linneo, Humboldt e As Américas*



◆ Ademais das obras de reurbanización que se van realizar na avenida de Santa Cristina, que deberían comezar nos últimos meses do presente ano, o Concello pretende abordar o reacondicionamento total das rúas Linneo, Humboldt e avenida das Américas. Renovaranse por completo as beirarrúas, reordenando os espazos de estacionamento e o pavimento da calzada.

Esta actuación ten un custo de máis de 400.000 euros. Para financiar a obra, o Concello solicitou ao Goberno central que a inclúa dentro do programa de fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas dos fondos europeos Next Generation.

## Patrimonio impide embelecer o muro do cemiterio de Dorneda ▶

◆ A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural emitiu unha resolución que lle impide ao Concello pintar un mural de 120 m<sup>2</sup> para embelecer o muro do cemiterio da igrexa parroquial de San Martiño de Dorneda. A Xunta de Galicia insta os propietarios do cemiterio e dos nichos a que realicen os traballos de coidados necesarios dos muros exteriores.

A temática do mural, do artista Joseba Muruzabal, era un reflexo do costume funerario, relacionada co día de Todos os Santos, cando se adoita asistir aos cemiterios e levar flores ás tumbas dos seres queridos falecidos. A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural prefire as vistas que reflicten a deterioración do muro á intervención proposta e financiada polo Concello.

Esta resolución non impedirá que o Concello de Oleiros continúe con outros proxectos para mellorar a contorna urbana como os da creación de murais artísticos no solo da praza da Rabadeira e nunha fachada medianeira da rúa Miraflores.



## Renovación do parque infantil en Lorbé ▶


◆ O Concello contratou por 76.354,36 euros as obras de renovación do parque infantil situado nas inmediacións da casa do pobo de Lorbé. Está previsto ampliar a zona de xogos mellorando o actual espazo.



# Segue progresando a bo ritmo a obra do novo campo de Mera ▼



◆ Están a finalizar as obras de construción das gradas e vestiarios do novo campo de fútbol municipal. A continuación realizarase a urbanización dos aparcamentos e de todo o recinto, quedando rematada a instalación para o seu uso.



## ACCESOS ►

◆ Ao longo do presente ano tamén vai realizarse a mellora do pavimento e iluminación das rúas Fonte Cuba e Subiña, polas que se accede ao campo de fútbol. Está previsto crear un arcén peonil desde a Igrexa de Serantes ata o alto de Subiña.

## Nova rampla de acceso á praia de Santa Cristina ►

◆ Costas está a refacer a rampla de acceso á praia de Santa Cristina usada pola maquinaria que realiza o traballo de limpeza no areal, polos remeiros do Club de Regatas Perillo e por outras persoas usuarias e deportistas da praia. A estrutura atopábase actualmente en moi mal estado polo efecto das mareas.

Coa obra modificarase un pequeno treito do paseo marítimo para cambiar o sentido da rampla, facela máis accesible e reducir a súa futura deterioración.





# As arcas municipais ingresan máis de 5 millóns coa venda de solo ▼

◆ A xestión urbanística que realiza o Concello no desenvolvemento de novas urbanizacións garante un crecemento sostible, ordenado e de baixa densidade. Tamén permite a obtención gratuíta de solo para equipamentos, zonas verdes e parcelas construíbles. O solo edificable sácase á venda para financiar novas obras e servizos públicos.

Durante o pasado 2021, o Concello vendeu un total de 12 parcelas polas que obtivo 3.617.759,45 euros. Foron 10 terreos para a construción de vivendas unifamiliares en Punxeiro, Canide e Xaz e 2 solares para edificios plurifamiliares en Xaz.

No presente ano, vendéronse 6 parcelas por importe total de 1.654.421,77 euros. Foron 5 terreos para vivendas unifamiliares en Xaz, Santa Cruz, O Carballido e un solar para pisos na Xesteira.

Neste momento, o Concello segue a ter en venda 7 parcelas para vivendas unifamiliares en Xaz, Iñas e O Carballo e 1 parcela en Oleiros para a construción de 5 vivendas acaroadas. As persoas ou empresas interesadas na súa adquisición deben dirixirse á Secretaría Xeral do Concello.

Todas estas parcelas entréganse completamente urbanizadas e contan con todos os servizos e conexións. Están situadas en lugares moi atractivos.



## Depósitos municipais de auga para asegurar o abastecemento ▶



◆ Para garantir o subministro de auga á zona norte e centro do municipio, están situados no alto de Arillo dous depósitos de auga cunha capacidade total de 3.014 metros cúbicos. A súa construción foi sufragada con cargo á urbanización de Xaz.

A urbanizadora tamén tivo que ampliar a depuradora de fecais de Xubín nun terreo anexo de 13.135 metros. As augas depuradas utilizaranse para regar o campo de golf.

## Instalación de columbarios nos cemiterios municipais ▶

◆ Creáronse 116 columbarios para urnas de cinzas nos cemiterios municipais de Nós, Liás e Dorneda. Existe unha importante demanda por parte dos veciños ante o incremento da cremación en lugar do enterro convencional. Está aberto o prazo para adquirilos.



# Que a terra vos sexa leve!

■ *Alfredo Novoa e Rafael Astor foron dúas figuras fundamentais no desenvolvemento e construción do singular modelo político e social de Oleiros. Aínda que nos dixeron adeus, as súas impecables traxectorias quedarán para sempre plasmada no municipio que hoxe disfrutamos.*

◆ **Alfredo Novoa Gil** era unha das persoas máis relevantes de Oleiros. Concelleiro entre os anos 1987 e 2007, dedicou os mellores anos da súa vida a traballar polo progreso do municipio, destacando pola súa capacidade de diálogo e entendemento para chegar a pactos con outros grupos políticos.

Cando entrou no Goberno municipal, xa levaba un longo camiño andado como líder sindical a través da súa militancia en Comisións Obreiras. Nos distintos gobernos de Alternativa dos que formou parte desempeñou un impecable traballo en distintas áreas municipais, destacando no ámbito da cooperación internacional, unha das súas grande vocacións, chegando a ser presidente do Fondo Galego de Cooperación Internacional durante 15 anos. Ocupou a vicepresidencia de Alternativa dos Veciños durante moito tempo anos e na actualidade era o presidente de honra do partido.

En Nós, onde vivía, Alfredo quedará inmortalizado coa rúa que leva o seu nome. Un vial que conduce a un colexio público e a un gran parque municipal de 30.000 metros, e que está escoltado por dous grandes loitadores: Salvador Allende e Alexandre Bóveda.



◆ **Rafael Astor Casalderrey** dirixiu o departamento de Obras Públicas municipal entre os anos 1984 e 2012, destacando pola súa capacidade creativa e humanizadora no deseño das redes e acuedutos de auga, rede de sumidoiros, novos viais mellorando a comunicación interna e externa municipal, parques, prazas, paseos... actuacións conducentes ó desenvolvemento dunha política mediambiental seria e de protección do patrimonio histórico propio, pensada e proxectada desde o Goberno municipal. Toda unha xestión profesional ó alcance de moi poucos.

As súas cualidades profesionais e humanas demostradas durante a súa longa traxectoria municipal, cumpridas sempre de xeito admirable, a súa competencia e o seu afable trato e pronta disposición para canto implicase un mellor servizo ós intereses veciñais, fixeron posible a estimación e afecto de cantos pasaron pola Casa do Concello e o respecto e simpatía de todas as compañeiras e compañeiros que traballaron preto del.

En recoñecemento ao seu extraordinario traballo, dedicación e contribución persoal a prol do municipio, que excede das obrigas propias do seu cargo, a corporación outorgoulle o título de fillo adoptivo do Concello de Oleiros.

## Olga Lucas virá presentar o seu libro sobre o exilio da Guerra civil ►

◆ O vindeiro venres 17 de xuño ás 20:00 horas, Olga Lucas estará no auditorio da Fábrica para presentar o seu libro *Tras el telón de acero (las hijas del exilio)*. A partir das vivencias e lembranzas da Olga Lucas nena, recóllese o exilio dos representantes do Goberno da II República e dun núcleo de comunistas que tiveron como destino Francia, a Unión Soviética e as democracias populares europeas. Paralelamente abórdase a historia política española e a historia de Europa, coa Guerra Fría, o Plan Marshall europeo, o estalinismo e a desestalinización.

Olga Lucas naceu en Toulouse no ano 1947, no seo dunha familia española exiliada. Viviu temporalmente en diversos países do Este e aprendeu distintas linguas eslavas, que logo utilizou para traballar de intérprete, tradutora e locutora de radio. De regreso a España traballou de funcionaria na Generalitat Valenciana e desenvolveu distintas actividades culturais en ámbitos alternativos de Valencia.

Ten publicados contos e poemas en diversas obras colectivas, sendo coautora con José Luis Sampedro de diversos libros.



## Cooperación con mozos e mozas universitarios da Palma afectados polo volcán ▼



◆ Tal e como se anunciara o pasado decembro, o Concello de Oleiros vai destinar 10.000 euros para que o Ayuntamiento de Tazacorte beque a mozos e mozas do municipio que realizan estudos universitarios. Debido aos graves danos materiais ocasionados pola erupción volcánica da Illa da Palma en Tazacorte, moitas familias perderono absolutamente todo, o que provoca todo tipo de penalidades que lles obrigan, entre outras cousas, a renunciar a continuar cos seus estudos académicos por falta de recursos económicos.

As axudas concedidas por outras administracións non contemplan as subvencións para os gastos dos estudantes que, debendo desprazarse fóra da Illa para facer unha carreira, vense abocados a abandonar os estudos porque as súas familias perderon o seu medio de vida, a súa vivenda, ou ambas. Desta maneira, o Concello de Oleiros pretende cooperar para que aqueles mozos e mozas que están estudando poidan continuar formándose para dispoñer dunha oportunidade de acadar un futuro mellor.

## A ONG Zerca Y Lejos prepara o seu próximo proxecto en Camerún na Casa do pobo de Montrove ►

◆ O Concello puxo provisionalmente a disposición da ONG Zerca Y Lejos un local na Casa do pobo de Montrove para celebrar reunións e organizar o seu próximo proxecto en Camerún, que consistirá nunha campaña de neurociruxía, principalmente con pacientes pediátricos. Entre o persoal sanitario que participará na expedición atópase o neurocirurxián e veciño do municipio Pedro Reimunde.

De maneira anual, esta ONG despraza cirurxiáns a Camerún para realizar diversas intervencións ás que os cidadáns non poden acceder polas graves carencias do sistema sanitario do seu país. Estas tipo de campañas son posibles grazas a colaboración altruista de profesionais que deciden destinar as súas vacacións e o seu tempo libre a estes programas de cooperación.



## O pleno demanda que o Goberno central rectifique a súa decisión sobre o Sahara ►

◆ O pleno municipal manifestou o firme apoio do Concello de Oleiros ao pobo saharauí e ó seu único e lexítimo representante, o Frente Polisario, na súa loita contra a ocupación militar e polo exercicio de pleno dereito de autodeterminación e a independencia. No acordo adoptado solicítase ao Goberno español que dea marcha atrás no seu recente cambio de postura avaliando o referendo de autodeterminación acordado por ambas as dúas partes e recollido nas resolucións da ONU, tomando a iniciativa para apoiar activamente ao enviado especial da ONU para o Sáhara Occidental, Staffan de Mistura, no seu traballo.

# Fondos Next Generation: dispendio ou progreso ▼

▪ O Estado español recibirá 140.000 millóns de euros da Unión Europea para reparar os danos económicos e sociais provocados pola pandemia. Unha oportunidade de ouro que Galicia e o Estado español en xeral non poden permitirse desaproveitar coa realización de investimentos innecesarios, populistas ou deshonestos.

◆ Durante as pasadas décadas, como contrapartida das importantes restricións impostas á produción gandeira, pesqueira e industrial, Galicia foi rexión receptora de importantes fondos europeos. A administración pública recibiu inxentes subvencións económicas que, nunha mestura entre corrupción e dispendio, foron totalmente inefectivas para o progreso social e económico de Galicia.

Por desgraza para o pobo galego, esas nocivas políticas públicas do pasado poderían repetirse no presente cos fondos Next Generation. Tal é así que o Goberno galego está a realizar anuncios de investimentos millonarios en obras públicas non

prioritarias, ademais de subvencionar a empresas privadas de maneira discrecional.

Un deses anuncios propagandísticos foi o de creación dunha pasarela entre Oza e Santa Cristina por 8 millóns de euros. Unha obra para a que non existe consenso cos concellos, cuestión imprescindible posto que as vías teñen que estar recollidas dentro dos plans xerais de urbanismo. De querer realizar esta pasarela, sería necesario desenvolver plans especiais de ordenación dos ámbitos afectados, comprar ou expropiar o solo necesario e tramitar os informes de impacto ambiental. É dicir, indo todo ben, habería un mínimo de 3 anos de trámites.



■ A Xunta pretende invadir as dunas cunha pasarela

◆ A Xunta de Galicia parece esquecer, entre outras moitas carencias, o estado no que se atopan as estradas da súa titularidade na comarca da Coruña e, nomeadamente, en Oleiros. Malia os esforzos realizados polo Concello, asumindo competencias que non lle correspondían para crear beirarrúas e carrís bici, son moitos os tramos de estradas autonómicas que precisan de ampliacións de calzada, creación de beirarrúas, dotación de pasos de peóns e iluminación...



■ A avenida Isaac Díaz Pardo é unha das estradas da Xunta en Oleiros que presenta un maior perigo para os peóns

## MONUMENTO NATURAL ▼

◆ Outra das propostas realizadas por parte do Concello á Xunta, é a de actuar no Monumento Natural da Costa de Dexo-Serantes ante o avance incontrolable do *Helichrysum petiolare*, moi visible a simple vista nas zonas dos faros de Mera e da punta Torrella. O forte impacto e degradación que supón esta especie invasora neste espazo protexido require dunha actuación medioambiental que garanta a biodiversidade e o ecosistema. Ata o momento a Consellería de Medio Ambiente tampouco respondeu a esta petición.




■ Aspecto actual da zona do faro de Mera

## FRONTE COMÚN DOS CONCELLOS ▼

◆ Á marxe dos fondos europeos dos que dispoñen as comunidades autónomas, existen diferentes programas dirixidos directamente aos municipios. Incomprensiblemente, o Goberno central deixou excluídos do reparto os concellos de entre 20.000 e 50.000 habitantes.

Ante esta situación, os alcaldes e alcaldesas dos 23 concellos galegos afectados participaron nunha reunión en Santiago. Aínda que se trata de concellos gobernados por partidos diferentes, acordouse por unanimidade facer forza entre todos co fin de lograr que Madrid recapacite. Os concellos soportan unha carga moi grande de servizos, equipamentos e infraestruturas que non se pode obviar.

## PASEO FLUVIAL IÑÁS-O SEIXAL ▼



Pasou xa máis dun ano desde que o Concello de Oleiros solicitase á Xunta de Galicia financiamento para a construción do paseo fluvial do rego de San Pedro. Esta obra, de protección do medio ambiente e de mellora da mobilidade e da seguridade viaria, entraría de cheo nos criterios susceptibles do reparto dos fondos europeos Next Generation.

Ata o momento, o Concello non recibiu resposta algunha por parte da Xunta para financiar esta obra. Co proxecto construtivo xa aprobado e os terreos necesarios en posesión do Concello, este paseo fluvial de máis de 4 km entre Iñas e O Seixal podería contratarse de inmediato.

SENDA: —

## Refórzase a plantilla municipal para garantir a calidade dos servizos públicos ▶



◆ Ante o incremento de persoas que se produce nos meses de verán no municipio, é necesario reforzar os servizos públicos para manter a súa calidade. É por iso que o Concello de Oleiros vai contratar 62 persoas: 38 persoas para o Servizo de Salvamento e Socorrismo, 6 auxiliares de policía, 3 técnicos de turismo, 5 persoas para o servizo de limpeza de praias, 5 operarios para Servizos municipais e outras 5 persoas para a brigada de limpeza forestal.

Unha grande parte dos gastos extraordinarios derivados do verán, que superan no seu conxunto os 400.000 euros, pódense afrontar cos recursos procedentes da ORA, que ademais fomenta a rotación de vehículos e impide que os mellores estacionamento estean ocupados todo o día polos mesmos coches.

## Solicitado un novo obradoiro de emprego

◆ O Concello de Oleiros solicitou á Xunta de Galicia un novo obradoiro formativo co obxectivo de formar a 20 veciños e veciñas do municipio maiores de 18 anos sen emprego. As tarefas de aprendizaxe enfocaranse na realización de mobiliario urbano e mantemento de zonas verdes municipais.

A duración do proxecto é dun ano. O obradoiro contará con 10 prazas destinadas á especialidade de carpintería e moble e outras 10 para actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería. Ademais dos postos para o alumnado, contratarase a 1 director/a, 1 docente de carpintería, 1 docente de actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería, 1 titora e 1 auxiliar administrativo.

No caso da concesión deste obradoiro, o Concello informará debidamente a través das diferentes canles comunicativas municipais a todos os veciños e veciñas.



## O Centro Municipal de Formación axuda a atopar traballo a 373 veciños ▼

◆ O servizo de apoio e asesoramento para o emprego que se presta desde o Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo axudou a que 373 persoas atopasen emprego durante o ano 2021. En total foron atendidas 4.447 persoas nas dependencias dos Regos ao longo de todo o ano pasado.

Pola súa parte, o servizo de asesoramento a emprendedores deu información a 62 proxectos empresariais. Da man do Concello de Oleiros naceron 15 novas empresas que crearon 21 novos postos de traballo.



# A Romaría das Merendiñas celébrase o sábado 4 de xuño ▼



◆ Todas as persoas maiores de 60 anos están convidadas a participar na Romaría das Merendiñas que se celebrará o 4 de xuño, a partir das 13:00 horas, nos xardíns das Torres de Santa Cruz. Para poder acceder á festa é imprescindible presentar a invitación que se entregará en todos os domicilios.

O menú será o tradicional e antes e despois da comida haberá música e baile, coa Banda da Escola Municipal e cunha orquestra.

Un elemento fundamental desta festa é a implicación e participación de numerosas persoas que colaboran desinteresadamente na organización e desenvolvemento desta romaría, unha axuda imprescindible para que As Merendiñas poidan realizarse.

## Regresan as excursións e o sendeirismo para as persoas maiores con 1.000 prazas ▼

◆ O programa municipal Ven e Descubre ofrece para este ano 2022 un total de 1.000 prazas para excursións e rutas de sendeirismo para veciños e veciñas maiores de 60 anos. Habrá 16 saídas de excursionismo e 9 de sendeirismo.

O excursionismo consistirá en itinerarios culturais con visitas guiadas en grupo durante os meses de maio, xuño e setembro á Ribeira Sacra e ás vilas de Cee e Fisterra. En canto ás rutas de sendeirismo ofértanse itinerarios pola comarca de Bergantiños, Campo Lameiro e o Fuciño do Porco no Vicedo.

A inscrición a excursionismo está aberta por localidades ata o 16 de maio, que deberá realizarse por teléfono no 981 610 000 de 16:00 a 20:00 horas. Para sendeirismo deberán apuntarse a través da páxina web municipal entre o 18 e o 20 de maio, ou ben do 22 a 26 de agosto para as rutas de setembro.



## Actividades para persoas con diversidade funcional



◆ Durante os meses de maio, xuño e xullo, estará en marcha un programa municipal de ocio saudable dirixido a persoas con diversidade funcional. As actividades consistirán na realización de obradoiros, participación en xornadas de deporte adaptado, excursións ou roteiros, visitas a museos...

Para obter máis información sobre este programa, é posible dirixirse ao departamento de Servizos Sociais e Igualdade presencialmente ou chamar ao 981 610 000.

O lecer é un dereito de todas as persoas, unha experiencia integral que contribúe á calidade de vida e que se debe ofrecer a todas as persoas sen discriminación.

## Manu Taibo, subcampión do mundo de patinaxe sobre xeo



◆ Manu Taibo proclamouse subcampión do mundo de patinaxe de velocidade sobre xeo na modalidade de team sprint no Mundial junior disputado na localidade austríaca de Innsbruck. Ademais deses medallas de prata, o patinador de Broño foi 5º en mass start.

## Mateo Martínez acada a medalla de bronce no Campionato de España de balonmán ▼



◆ O extremo dereito oleirense, Mateo Martínez Blanco, foi decisivo para que a selección galega acadase a terceira praza no Campionato de España de balonmán infantil ao anotar un total de 22 goles no torneo. Gonzalo García-Armero tamén estaba seleccionado para este campionato, pero unha inoportuna lesión de gravidade impediulle participar. Ambos xogadores militan no Club Balonmán Atlántico oleirense, igual que o adestrador Diego Reigosa que formou parte do cadro técnico da selección cadete.

## Un concello vivo

## Mónica Castelo volve ser campioa de Europa de rugby ▼



◆ Mónica Castelo sumou un novo triunfo ao seu brillante palmarés ao lograr outro campionato de Europa de rugby coa selección española. A xogadora de Nós despediuse con este título da selección, logo de 10 anos sendo internacional. A nivel de clubs, esta tempada xoga na Liga francesa, no Rennais.

## Tres oleirenses representan a Galicia no Campionato de España de fútbol por autonomías ▼



◆ As oleirenses Carla Riomas, Candela Vázquez e Antía López foron convocadas pola Selección Galega de fútbol Sub-17 para a primeira fase do Campionato de España de seleccións autonómicas. Tras enfrontarse a Extremadura e Canarias, conseguiron a clasificación para a seguinte ronda.

## Dúas medallas para Marta Fernández no galego de atletismo en pista cuberta



◆ A xoven atleta de Santa Cruz, Marta Fernández Hernández, foi subcampioa galega de 200 metros lisos no campionato autonómico de pista cuberta de deporte adaptado. Tamén conseguiu un bronce en lanzamento de peso e un meritorio cuarto posto nos 60 metros lisos. A súa próxima competición será o Campionato Galego ao aire libre.

## O Club Hockey Oleiros terceiro na Liga Galega



◆ Os catro mellores equipos da Liga Galega alevín de hockey sobre patíns disputaron no pavillón da Rabadeira a fase final da competición, na que o club local conseguiu a terceira praza tras impoñerse no partido decisivo ao Deportivo Liceo por 6-1. Desde a súa fundación no 2015, o Club Hóckey Oleiros non deixa de medrar e esta tempada ten equipos en todas as categorías autonómicas.

## O XXXII Tríatlon Concello de Oleiros celébrase o sábado 28 de maio

◆ Un total de 200 deportistas, de categoría xuvenil, junior, sub-23, absoluta e veterana, participarán nunha nova edición do Tríatlon Concello de Oleiros. Como nos anos anteriores terá lugar na localidade de Mera e dará comezo ás 16:00 horas.

A distancia a percorrer para todas as categorías será de 750 m de natación, 21 km de bicicleta e 5,5 km de carreira a pé.



## Subvencións municipais para os deportistas oleirenses que participan en competicións estatais e internacionais

◆ Os equipamentos deportivos públicos do Concello de Oleiros facilitan os inicios e a formación deportiva de oleirenses que logran importantes triunfos en competicións estatais e internacionais. Para axudar a estas persoas, o Concello destinará 12.000 euros a subvencionar os gastos derivados da asistencia ás competicións, e que en moitos casos teñen que asumir os propios deportistas e as súas familias.

Poderán optar a esta subvención aqueles deportistas do Concello seleccionados para participar en eventos deportivos oficiais de carácter internacional, así como os e as que acudisen ou acudan a campionatos de España ou campionatos oficiais de ámbito estatal e acadasen algún dos 3 primeiros postos -entre o 1 de outubro de 2021 e o 30 de setembro de 2022-.

As solicitudes poden presentarse na Fábrica ata o 7 de outubro.

OLEIROS  
**DEPORTE**



## Icía Río representa a Oleiros en Bruxelas nunhas xornadas sobre compromiso xuvenil e política ▶

◆ Icía Río Fernández, veciña de Dexo de 17 anos, participou nun encontro internacional do proxecto europeo People and Planet, do que forma parte o Concello de Oleiros a través do Fondo Galego de Cooperación. Esta moza forma parte do Consello Climático Xuvenil do Concello de Oleiros desde a súa formación. Ademais da súa preocupación e concienciación polos temas medioambientais, ten participado en numerosas actividades municipais e en entidades sociais, culturais e deportivas do municipio.



## O alumnado do Juana de Vega entrevista ao alcalde

◆ O pasado 15 de febreiro o alcalde de Oleiros, Ángel García Seoane, participou nunha entrevista do programa Radio Cigurat, que elaboran os escolares do CEIP Juan de Vega de Nós e que emiten a través de internet. Os nenos e nenas preguntáronlle ao alcalde sobre a historia e o futuro da Finca Tenreiro e, ao finalizar, entregáronlle diferentes debuxos realizados por eles mesmos.



## O colectivo Galeguíza-T estrea a curtametraxe O cárcere da alma ▶

◆ O colectivo creado por alumnado do IES Neira Vilas para promover o uso da lingua elaborou un filme que foi estreado na Fábrica. Ademais desta curtametraxe, no que tratan os prexuízos presentes na sociedade galega cara ao uso do galego, xa desenvolveron outros proxectos importantes como a creación da Nova antoloxía da música galega contemporánea nunha lista de Spotify, entre outros.



## Éxito de participación na xornada de orientación académica e profesional para estudantes ◀

◆ O Concello organizou unha xornada informativa específica sobre saídas académicas e laborais para o alumnado de 4º da ESO, FP básica e bacharelato. Nesta actividade, que se desenvolveu no pavillón Arsenio Iglesias de Santa Cruz, participaron as tres universidades galegas, centros de formación profesional e escolas públicas e privadas de diversas especialidades.

## Rutas de sendeirismo para gozar de Galicia ▶



### SERRA DO BARBANZA • Sábado 21 de maio

Ruta con inicio en Brazos (Boiro) e fin no miradoiro da Curota pasando polo Río Coroño, Castelo de Vitres, Ponte da Portela, Os Forcados... A distancia a percorrer é de 16,5 km e está cualificada como de dificultade media-alta. Tamén se visitará o Centro Arqueolóxico do Barbanza.



### COSTA DA MORTE • Sábado 18 de xuño

Ruta con saída de Ponte do Porto e remate no Santuario da Virxe da Barca pasando pola Igrexa de Cereixo, Hórreo de Dozón, Merexo, praia de Espiñeirido, Muxía... A distancia a percorrer é de 20 km e está cualificada como de dificultade media-baixa. Realizarase unha visita cultural á Igrexa de San Xiao de Moraime.

## Actividades xuvenís nas Casas da mocidade



◆ Ademais da posibilidade de utilizar de maneira libre a Casa da mocidade de Santa Cruz (rúa Daniel Castelao, 5) ou da Casa da mocidade das Pedras (avenida Rosalía de Castro, 114), ofértanse diferentes e variada actividades gratuítas. Para os próximos días está prevista a realización dun curso de mediación de conflitos, obradoiro de velas artesanais, "Mociradio", iniciación á bachata, horta comunitaria, paddle surf, obradoiro de cociña, kaiak, festival de rap, obradoiro de maceteiros... Tamén se van organizar saídas para realizar etapas do Camiño de Santiago.

Para obter máis información ou inscribirse é posible dirixirse persoalmente a algún dos dous centros, chamar aos teléfonos 981 614 083 ou 981 977 944, consultar as redes sociais das casas da mocidade ou enviar un correo electrónico a [pix.aspedras@gmail.com](mailto:pix.aspedras@gmail.com).

## Actividades infantís e xuvenís de verán con 1.064 prazas

◆ Despois de dous anos atípicos, o Concello retoma a normalidade en canto á organización das actividades de verán infantís e xuvenís. Ofértase unha ampla variedade de actividades dirixidas a nenos e nenas maiores de 3 anos, co fin de que ao mesmo tempo que desfrutan, vivan experiencias e se acheguen a propostas de ocio distintas das que gozan durante o resto do ano.

Outro dos obxectivos desta programación é axudar ás familias a conciliar durante este longo período de vacacións. Así, para abrir un amplo abano de posibilidades, adaptado ás necesidades e preferencias de cada fogar, organízanse desde obradoiros dunha hora ata campamentos de varios días. Entre outras actividades haberá campamentos, excursións, minicampamentos, hortas, danza, teatro, kaiak, surf, xogos deportivos, parkour, orientación, escalada, paddle surf, sendeirismo, bicicleta, rugby, piragüismo, tiro con arco, artes plásticas, olería, encadernación decorada, banda deseñada, maxia...

**Aquelas persoas interesadas en inscribir aos seus fillos e fillas poden consultar toda a información na web municipal ou dirixirse á Fábrica.**

# Contacontos infantís en todas as bibliotecas municipais ▼

◆ As bibliotecas municipais de Oleiros continúan ofrecendo diferentes sesións de contacontos dirixidos a nenos e nenas maiores de 6 anos. É imprescindible reservar praza previamente para participar. É posible apuntarse en cada biblioteca ou por teléfono no 981 610 000

## • BIBLIOTECA CENTRAL RIALEDA. PERILLO

▶ **Día 19 de maio** (18:30 horas): *Ven c@ntar* con Pakolas

▶ **Día 26 de maio** (18:30 horas): *Con area cousas debuxo* a cargo do escultor Marcos Escudero Pérez



## • BIBLIOTECA ROSALÍA DE CASTRO. SANTA CRUZ

▶ **Día 18 de maio** (18:30 horas): *Extra!* con Paco Nogueiras



## • BIBLIOTECA Mª JOSÉ TRINCADO. MERA

▶ **Día 13 de maio** (18:30 horas): *Contos de cerca* con Ana Carreira

## • BIBLIOTECA XOGRAR MENDIÑO. LORBÉ

▶ **Día 19 de maio** (18:30 horas): *As fadas verdes* con Lía Magalia

## • BIBLIOTECA ÁNXEL FOLE. NÓS

▶ **Día 20 de maio** (18:30 horas): *Contos de trasnos e meigallos* con Iván Davila



## FOMENTO DA LECTURA ▼

Para que a mocidade coñeza as bibliotecas e as súas posibilidades, o Concello organiza distintas actividades adaptadas ás distintas idades en horario lectivo nas bibliotecas. Participan preto de 800 escolares de diferentes idades.



## Concerto infantil do Apego para menores de 3 anos

◆ Félix Arias interpretará *Herba pequerrechiña*, versións musicadas de poemas ou adaptacións de textos dos autores homenaxeados en anteriores edicións das Letras Galegas. O concerto será o 21 de maio, ás 18:00 horas, na Fábrica.

As entradas son de balde, pero cómpre reservar facendo a correspondente inscrición a través dun formulario habilitado na páxina web municipal a partir do día 16 de maio.



## Entregados os premios do certame literario municipal

◆ Joaquín de Santa Pau García, Ana Ramil Castro, Ismael Souto Botana, Jimena Toledo Piñeiro, Pablo Rodríguez Gagino, Mª Mónica Rey Santiago, Pedro Santiago López Caamaño e Antía Barreiro García foron as persoas gañadoras do VIII Premio literario Descubrindo Oleiros. Este ano contou por primeira vez con categoría de maiores de 16 anos.

## Concurso en TikTok para a mocidade

Para estimular a creatividade entre a mocidade e animar á creación de vídeos en galego, o Concello organiza o II Premio TikTok. Para participar é preciso elaborar un vídeo dunha duración máxima de 1 minuto sobre a literatura galega, a lingua ou a situación sociolingüística. O vídeo deberá ser enviado ao correo [lingua@oleiros.org](mailto:lingua@oleiros.org), entre o 17 de maio e o 10 de xuño.



## Epístola de Aldaolado, o 19 de maio ▶

As poetas Lucía Aldao e María Lado presentan un novo espectáculo dirixido a público xuvenil e adulto no que combinan poesía, música en directo, xogos co público e improvisación para reflexionar sobre a situación actual da lingua e o seu futuro. O acto será o xoves 19 de maio, ás 20:30 horas, nas Torres de Santa Cruz.



# A programación cultural continúa ▼

■ Ademais das últimas proxeccións do ciclo **Un Oleiros de cine**, haberá teatro polo Día das Letras Galegas e un recital de música de cámara.

## CINE: ONS

● Venres 13 de maio,  
ás 20:30 horas

Auditorio da Fábrica

Vicente e Mariña programan unha viaxe no verán ás Illas Ons. A súa estancia nas Rías Baixas prolóngase e a medida que os días se van tornando borrascosos, segredos gardados empezan a aflorar.

■ **Entrada gratuíta**



## CINE: A poeta analfabeta

● Venres 20 de maio,  
ás 20:30 horas

Auditorio da Fábrica

Filme documental que retrata a Luz Fandiño de 88 anos. Unha muller poeta, activista, feminista, nacionalista e revolucionaria é testemuña viva das realidades máis duras do século XX, por ser muller, pobre, emigrante e vermella.

■ **Entrada gratuíta**



## TEATRO: As parábolas do angazo

● Martes 17 de maio,  
ás 20:00 horas

Auditorio Gabriel García Márquez

Talía Teatro presenta unha comedia na que se pretende sacar a lingua a pacer. Nesta obra bótase unha ollada ao pasado, para poder ter outra perspectiva do presente e mirar de esguello ao que haberá no futuro.

■ **Entrada gratuíta**



## MÚSICA: Stefan Marinescu e Julio Mourenza

● Sábado 28 de Maio,  
ás 20:30 horas

Auditorio da Fábrica

Stefan Marinescu, profesor na Escola de Música Municipal de Oleiros e membro da orquestra sinfónica desde 2005, e Julio Mourenza, catedrático de Piano no Conservatorio Superior da Coruña, interpretarán as Sonatas *Kreutzer* e *La Mayor*.

■ **Entrada gratuíta**



## TAQUILLA ELECTRÓNICA ▼

◆ Xa é posible adquirir a través de internet entradas para os espectáculos culturais organizados polo Concello. Desde a web municipal pode accederse á ferramenta en liña de compra das localidades. En todos os casos, manterase tamén a venda de entradas presencial nas taquillas dos auditorios, para que todas aquelas persoas que o prefiran poidan seguir accedendo aos espectáculos como ata o de agora.

## Gran festival dos grupos folclóricos do municipio ▼



◆ Con motivo da celebración do Día das Letras galegas, o domingo 15 de maio celebrarase un festival no Auditorio Gabriel García Márquez de Mera, ás 19:00 horas. Actuará A Marola de Mera, Folliañas de Oleiros, O Amanexo de Dexo, Os Rueriños de Nós e Santaia de Santa Cruz.

## As Escolas municipais de música e danza clausuran o curso con numerosas actuacións ▼

### Escola Municipal de Música:

- **Banda da Escola Municipal:** sábado 14 de maio, 18:00 horas, Patio da Fundación Juana de Vega (Nós).
- **Orquestra Sinfónica:** domingo 29 de maio, 12:30 horas, Parque da Lagoa (Mera).
- **Concerto de cámara:** venres 10 de xuño, 18:00 horas, Parque Romántico (Montrove).
- **Actuación itinerante das distintas agrupacións:** domingo 12 de xuño, de 11:00 a 21:00 horas, Praza Esther Pita, Praza do Castelo, Paseo marítimo, Parque Luís Seoane e Parque As Torres (Santa Cruz).
- **Big Band:** sábado 18 de xuño, 20:00 horas, parque da Casa do Pobo de Iñás.
- **Orquestra Sinfónica:** domingo 19 de xuño, 12:00 horas, Auditorio Gabriel García Márquez (Mera).



### Escola Municipal de Danza:

- **"Cincenta":** venres 10 de xuño, 19:00 horas, Auditorio Gabriel García Márquez (Mera).
- **"Encanto" e "High School Music":** domingo 12 de xuño, 11:00 horas e 17:30 horas, Auditorio Gabriel García Márquez (Mera).
- **"Mary Poppins":** venres 17 de xuño, 19:00 horas, e sábado 18 de xuño, 12:00 horas, Auditorio Gabriel García Márquez (Mera).
- **Danzas urbanas e Lyrical:** sábado 18 de xuño, 19:00 horas, Auditorio Gabriel García Márquez (Mera).

## TRIBUNA ABERTA

▪ *Este é un espazo de participación cidadá onde se pode opinar sobre o tema que se desexe. Os textos son reproducidos de forma íntegra. Se queres participar nesta sección do próximo Vivir escribenos ao enderezo electrónico [comunicación@oleiros.org](mailto:comunicación@oleiros.org)*

### ***O egoísmo do que chaman primeiro mundo***

Bombardeos en hospitais, escolas destruídas, nenos e nenas asasinadas, minas en corredores humanitarios... Podería parecer que estamos a falar dunha filme bélica e cruenta, pero isto está ocorrendo a 3.934 quilómetros do noso municipio tras a invasión das tropas militares Rusas en territorio Ucraíno.

Xa van 2 meses de guerra e cada día que pasa, como é de costume no mundo occidental cando un suceso sae diariamente nos noticiarios, a maioría da cidadanía vólvese fría e incapaz de reaccionar. O mesmo ocorre cando saen a palestra casos de corrupción nos que están involucrados as elites políticas e económicas ou cando as enfermeiras e enfermeiros de hospitais galegos maniféstanse porque están colapsados debido ao saqueo e recortes nos recursos públicos. O enfado e a actitude de querer loitar ante as inxustizas perdura moi pouco na sociedade.

Os movementos de asociación e cooperación a todos os niveis viven tempos difíciles cando mais necesarios son. O individualismo e a falta de responsabilidade colectiva simbolizan a chave principal para abrir as portas, outra vez, a sucesos que marcaron capítulos moi escuros na historia contemporánea da humanidade.

Malia isto e tendo todo en contra, hoxe pode ser un bo día para xuntarse e tentar cambiar o mundo...

**Adrián Valiño - Dorneda**

### ***Carta a los políticos, desde O Couto***

Los vecinos de O Couto reanudamos la lucha en defensa de nuestro derecho a poder cruzar con seguridad la vía autonómica que atraviesa nuestro pueblo.

Habíamos confiado en que los políticos dieran solución a este problema

durante esta tregua vacacional. Pero no ha sido así.

Los ciudadanos seguimos teniendo que pelear por cada derecho que se reclama. Nadie regala nada.

Pues bien, así lo haremos.

Los políticos no han querido escucharnos hasta ahora, así que tendremos que hablar más alto.

Hasta ahora hemos sido una arena en su zapato y en estos meses no les hemos molestado demasiado.

Pues bien, tendremos que hacer cosas que les molesten. Y se decidan a escucharnos. De momento volveremos a concentrarnos los lunes a las 14h en el cruce de siempre.

Pero no vamos a quedarnos ahí parados, esperando a que nos escuchen.

Somos muchos y tenemos el apoyo de muchos más. No desprecien nuestra fuerza.

No pararemos hasta conseguir nuestro objetivo.

**Guadalupe Concepción Álvarez - Santa Cruz**

### ***Vía Ártabra sí***

Para os cidadáns que sufrimos a diario os atascos, as colas e os retrasos para chegar ao noso posto de traballo resultanos moi difícil de entender algunhas posicións políticas, exclusivamente obstruccionistas e destrutivas, que só pensan nos seus propios intereses. É lamentable que individuos incapaces e de dubidosa honestidade ostenten a representación popular para dirixir a nosa sociedade de xeito tan nocivo para a poboación.

Coa enorme necesidade que temos de mellorar a nosa rede de estradas, como se pode estar continuamente intentando boicotear e impedir a obra da vía Ártabra? Pero que políticos hai neste país?

Porque, por moito que diga, non é só un tema de Oleiros. Claro que nos

beneficia a todos os veciños de Oleiros enormemente, pero non é menos importante para a poboación de Sada, Bergondo, Betanzos, Cambre ou calquera cidadán que se dispoña a entrar á Coruña pola N-VI, independentemente da súa procedencia. Sen esquecer aos veciños da cidade, que cando se moven pola comarca, tamén sufren os atascos.

Agradecer neste caso ao alcalde que non caiga na demagogia nin nos xogos partidistas de PSOE e BNG. Moito ánimo na loita. Conseguirémolo!

**L.G.T.B. - Lorbé**

### ***Máis educación social***

Futbolistas, políticos, o rei, xuíces, empresarios,... a lista de delincuentes que neste país aproveitan as súas posicións de poder para sacar talladas é extensa. Con máis ou con menos pericia, desenvolven todo tipo de métodos para intentar acadar os seus fins lucrativos. Por desgraza, a xustiza non sempre os catiga como o merecen, por eivas legislativas nuns casos ou por conivencia noutros.

Aínda que se trata dun mal endémico da nosa sociedade, é necesario traballar na educación e concienciación da cidadanía para erradicar este tipo de prácticas por completo. Corremos o risco de acabar converténdonos nun país dominado por clans mafiosos.

Os políticos, empresarios, deportistas, xuíces,... decentes, que os hai, deben expulsar dos seus sectores a todos aqueles que denigran as súas profesións por comportamentos delitivos ou pouco éticos. Non se pode mirar cara outro lado.

Urxe legislar con contudencia e desenvolver programas educativos para inculcar desde as escolas que os listos non son os que saquean as institucións públicas. Hai que educar na cultura do esforzo, do traballo e da honradez.

**Antonio Gómez - Montrove**

**Teléfono do Veciño**

Toda a información de 8 da mañá a 8 da tarde ininterrompidamente

**981 610 000**

**Concello de Oleiros 981 610 000**

Policía Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.1274
C. Recuper. fauna salvaxe	981 960 405
Urxencias médicas (24 horas)	061
Centro Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde Sta. Cruz	981 626 768
Centro Saúde de Oleiros	981 082 188
Casa do Mar de Mera	981 628 544
Servizo Municipal de Emerxencias	981 636 933
Oficina Turismo	981 904 052

**Centros municipais de actividades**

Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
Centro Cívico de Sta. Cruz	981 626 497
Casa do Pobo de Liás	981 631 240
Casa do Pobo de Nós	981 664 257
Casa do Pobo de Lorbé	981 618 201
Centro Cultural de Montrove	981 639 422
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Centro de Información Xuvenil	981 636 598
Museo Oleiros J.M.Kaydeda	981 626 692
Castelo de Sta. Cruz	981 630 618
Aula do Mar / Faros de Mera	981 618 154
Escola Municipal de Danza	981 639 688
Escola Municipal de Música	981 639 143
Centro de Lecer Portaberta	981 614 083
Complexo deportivo de Oleiros	981 611 338
Complexo deportivo de Perillo	981 634 030
Complexo deportivo de Dorneda	981 614 430
Piscina Municipal da Fábrica	981 639 506

**Centros educativos**

CMF Isaac Díaz Pardo	981 631 706
El A Pardela / Os Regos	981 631 788
El As Galeras / Bastiagueiro	981 648 446
El A Braña / Mera	981 617 505
EIM A Canteira / Perillo	981 977 921
IES Neira Vilas / Perillo	881 880 858
IES Miraflores / Oleiros	881 880 845
IES Mª Casares / Bastiagueiro	981 626 344
CEIP Luís Seoane / Mera	981 617 130
CEIP Parga Pondal / Sta. Cruz	981 614 976
CEIP Valle Inclán / Perillo	881 960 324
CEIP A Rabadeira / Oleiros	881 960 270
CEIP Juana de Vega / Nós	881 960 947

**Bibliotecas**

Central Rialeda / Perillo	981 639 511
Rosalía de Castro / Sta. Cruz	981 626 338
Mª José Trincado / Mera	981 628 507
Mª José Ruso / Dorneda	981 626 638
Manuel María / Oleiros	981 610 700
Ánxel Fole / Nós	981 664 257
Xograr Mendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201
Biblioteca Mediambiental / Pazo de Lóngora	981 630 618



**37.913**  
*habitantes empadroados/as!*

**Padrón do Concello distribuído por parroquias ata o 6 de maio**

DEXO (Santa María)	1.430
DORNEDA (San Martiño)	3.641
IÑÁS (San Xurxo)	1.312
LIÁNS (Santa Eulalia)	11.025
MAIANCA (San Cosme)	1.589
NÓS (San Pedro)	4.956
OLEIROS (Santa María)	3.265
PERILLO (Santa Leocadia)	9.086
SERANTES (San Xulián)	1.609

**TOTAL 37.913**

**Horarios do TRANSPORTE PÚBLICO**



**En Oleiros TAXI a domicilio no 981 243 333**

Aeroporto de Alvedro  
**981 187 200**

Estación autobuses A Coruña  
**981 184 335**

Estación FFCC San Cristovo  
**902 432 343**

**LORBÉ ■ O BURGO**

**2652**

**> SAÍDAS**

Cal Pita - Eliseo Pita

**REGRESOS <**

**LORBÉ • SANTA CRUZ • OLEIROS • SAN PEDRO • O BURGO**

07:00 h - 21:00 h cada 2 horas luns - venres cada 2 horas 08:00 h - 20:00 h

**FARMACIAS DE GARDA**

**Datas**

<ul style="list-style-type: none"> <li>JAVIER SUÁREZ NEIRA Rúa Golfiño, nº 117. Lorbé (Dexo) • Teléfono: 981 628 165</li> <li>LAURA PEÑALVER GARCÍA Avda. As Mariñas, nº 54, Parque Oleiros (Liás) • Teléfono: 981 619 337</li> <li>LAURA FREIRE QUINTAS Rúa Areal, nº 17, locales 2 y 3 (Perillo) • Teléfono: 981 305 417</li> <li>SANTIAGO MAIZ CAL Rúa Camilo Díaz Baliño, nº 1 (Oleiros) • Teléfono: 981 610 027</li> <li>MARTA VIGUERA MOSQUERA Rúa Miramar, nº 4. Mera (Serantes) • Teléfono: 981 617 937</li> <li>JOSE CARLOS PIN PEREIRAS Avda. Rosalía Castro, nº 247 (Perillo) • Teléfono: 981 635 024</li> <li>Mª ROSA CATRUFO FERREÑO Avda. das Mariñas, nº 247. San Pedro (Nós) • Teléfono: 981 663 890</li> <li>ALBERTO UREÑA ÁLVAREZ Rúa Francisco Comesaña, nº 4-6. Santa Cruz (Liás) • Teléfono: 981 614 503</li> <li>Mª TERESA LEMA ESPASANDÍN Avda. República Argentina, nº 95. Arillo (Dorneda) • Teléfono: 981 648 440</li> <li>MARTA DE SAN IGNACIO GIL DE LA PEÑA Isaac Díaz Pardo, nº 4. Os Regos (Liás) • Teléfono: 981 614 184</li> <li>PABLO DURÁN LOSADA Rúa Viñas de Babilonia, nº 10. Santa Cruz (Liás) • Teléfono: 981 923 845</li> <li>PEDRO JOSÉ IGLESIAS PASTORIZA Avda. Ernesto Ché Guevara, nº 16. Santa Cristina (Perillo) • Teléfono: 881 963 932</li> </ul>	<p>Do 13 ao 19 de maio</p> <p>Do 20 ao 26 de maio</p> <p>Do 27 de maio ao 2 de xuño</p> <p>Do 3 ao 9 de xuño</p> <p>Do 10 ao 16 de xuño</p> <p>Do 17 ao 23 de xuño</p> <p>Do 24 ao 30 de xuño</p> <p>Do 1 ao 7 de xullo</p> <p>Do 8 ao 14 de xullo</p> <p>Do 15 ao 21 de xullo</p> <p>Do 22 ao 28 de xullo</p> <p>Do 29 de xullo ao 4 de agosto</p>
--	---

**Querida lúa**

**O ciclo da lúa**

<b>Chea</b>	16 maio / 14 xuño / 14 xullo
<b>Mingua</b>	22 maio / 21 xuño / 20 xullo
<b>Nova</b>	30 maio / 26 xuño / 28 xullo
<b>Medra</b>	6 xuño / 6 xullo / 4 agosto

## O Paraíso é verde e público

• *Novo parque municipal costeiro na ría* ▼



◆ Todos os veciños e veciñas do municipio xa dispoñen dun novo espazo público na zona do Paraíso, en primeira liña marítima. Coa súa creación prolóngase o actual paseo da ría.

Neste momento están a finalizar as obras de creación e axardinamento desta gran zona verde, de 7.000 metros cadrados de extensión. Dotouse de sendas, conserváronse as árbores xa existentes, plantáronse outras novas e fíxose unha zona de xogos infantís.

Desde este parque, o paseo da ría terá continuidade ata Cambre. As obras de dragado da ría, que xa están en marcha, inclúen a construción dese último tramo de paseo pendente.

